

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE MARZO DE 2024

Ás 10:50 horas do día 21 de marzo de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 28 de marzo de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: Susana García Álvarez, xefa de Asesoramento suplente da titular da Asesoría Xurídica
Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste aos puntos 4a, 8a, 9a e 10b)
María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste aos puntos 8b, 9b e 19b)
Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11a)

Secretaria: María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

4. Apertura administrativa e das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor ou apertura administrativa e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, e se procede, clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341) (emenda)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:29	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF44-CHD1BC-DACC41-PVV1A8-MSJ5V5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 7 de marzo de 2024, o 11 de marzo de 2024, concedeuse un prazo de tres días a GALEFEN, S.L.U. para que emendasen a documentación persoal.

O devandito licitador non presenta documentación algunha polo que a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes:

1. Non admitir neste procedemento a GALEFEN, S.L.U. por non ter emendado a documentación tal é como lle foi requirido pola mesa na súa sesión de 7 de marzo de 2024.
2. Solicitar informe sobre a documentación do sobre único deste procedemento descriptada na sesión do 7 de marzo de 2024.

8. Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos á Área de Cultura (bibliotecas públicas, auditorio municipal do Concello e servizo da Área de Cultura) (5206-330)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 7 de marzo de 2024, en cumprimento do acordado na sesión de 1 de marzo de 2024, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP co ACEUVE, S.L.U.

Durante o prazo concedido, a licitadora presentou a documentación requirida, da que se deu traslado ao responsable do contrato para a emisión do correspondente informe.

O 13 de marzo de 2024 o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que a vista da documentación presentada, considérase que se pode aceptar á oferta de ACEUVE, S.L.U. tendo en conta os puntos sinalados na xustificación.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acepta o anterior informe e acorda aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por ACEUVE, S.L.U. neste procedemento.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:29	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF44-CHD1BC-DACC41-PVV1A8-MSJ5V5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 7 de marzo de 2024, en cumprimento do acordado na sesión do 1 de marzo de 2024, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. que, durante o prazo concedido, presenta a documentación requirida, da que se da traslado á responsable do contrato para a emisión do correspondente informe.

O 18 de marzo de 2024 a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que "*Avaliada a documentación presentada, (..), conclúese que se cumpren os requisitos establecidos no art. 149 da LCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada, e que se poida con ela cumprir a prestación obxecto do contrato*".

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. neste procedemento.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos á Área de Cultura (bibliotecas públicas, auditorio municipal do Concello e servizo da Área de Cultura) (5206-330)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 13 de marzo de 2024 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220)

Entrégase o informe asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación o 18 de marzo de 2024 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" e o informe que corrixe o anterior de data 20 de marzo de 2024 por erro material de cálculo matemático. Este segundo informe é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:29	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF44-CHD1BC-DACC41-PVV1A8-MSJ5V5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos á Área de Cultura (bibliotecas públicas, auditorio municipal do Concello e servizo da Área de Cultura) (5206-330)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos á Área de Cultura (bibliotecas públicas, auditorio municipal do Concello e servizo da Área de Cultura) (5206-330) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Oferta (sen IVE)
1	ACEUVE, S.L.U.	19.058,41 €
2	ENERTEC CONTROL, S.L.	22.760,00 €
3	MONCOBRA, S.A.	23.335,38 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACEUVE, S.L.U., para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva, e no seu caso, complementaria, cando así se esixa no apartado 9 das FEC.
2. Nomeamento do/a delegado/a do contrato, acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas e declaración de non estar incurso en prohibición para contratar, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
3. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC, agás cando posúa a clasificación indicada neste apartado."

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:29	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF44-CHD1BC-DACC41-PVV1A8-MSJ5V5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 21 de marzo de 2024 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L.	82,00 puntos
2	GRUPO GALEJOBS, S.L.U.	21,55 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.L. en 4 de marzo de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia



técnica e profesional, dos medios persoais e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de asistencia técnica de soporte do contrato de implantación V.E.I. (Vigo Edificios Intelixentes), no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/01/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 12/09/2023.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 14/09/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 08/11/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 08/11/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, por delegación de 30 de outubro de 2023, Xefa da Área de Contratación e Novos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:29	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF44-CHD1BC-DACC41-PVV1A8-MSJ5V5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



Proxectos, de data 10/11/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Memoria xustificativa do contrato de data 18/12/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 18/12/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 72.600,00 €, que inclúe un IVE de 12.600,00 €, dende o 1 de xaneiro de 2024, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2024	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270 603	60.000,0 0 €	12.600, 00 €	72.600,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 16 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.	95,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscripción dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:29	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF44-CHD1BC-DACC41-PVV1A8-MSJ5V5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.L., o día 4 de marzo de 2024, que presenta parte da documentación requirida o 18 de marzo de 2024, dentro do prazo concedido. Asemade, presentan documentación, fora do prazo concedido, o día 19 de marzo, documentación esta que en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitir.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora no que figura o nomeamento dos administradores e os estatutos xunto co DNI do administrador.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (42.000,00 €), presentan o modelo 303 do IVE do ano 2023 no que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (50.820,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- A acreditación dos medios persoais establecidos no apartado 5F do Anexo I - FEC- do PCAP.
- Solicitan a retención do importe da garantía definitiva (3.000,00 €) no prezo do contrato, tal e como posibilita a cláusula 24.3 do PCAP.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 21 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:29	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF44-CHD1BC-DACC41-PVV1A8-MSJ5V5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 9 de febreiro de 2024 e o acordo da Mesa de contratación de data 16 de febreiro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 72.600,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.600,00 euros.
- b) A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 10%."

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:29	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF44-CHD1BC-DACC41-PVV1A8-MSJ5V5-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		